


Recursos  
para a avaliación



## Avaliación por competencias

### PRIMEIRO CURSO

O caderno Avaliación por competencias, para primeiro curso de Primaria, é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Antonio Brandi Fernández** e **Ana María Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

TEXTO

**Victoria Gallego Pedraza**

ILUSTRACIÓN

**Mónica Calvo Gil**

EDICIÓN

**Carmen Ríos Collantes de Terán**

DIRECCIÓN DO PROXECTO

**Maite López-Sáez Rodríguez-Piñero**

PROXECTO  
**SABER  
FACER**

**Dirección de arte:** Xosé Crespo González.

**Proxecto gráfico:** Pep Carrió.

**Xefa de proxecto:** Rosa Marín González.

**Coordinación de ilustración:** Carlos Aguilera Sevillano.

**Xefe de desenvolvemento de proxecto:** Javier Tejeda de la Calle.

**Desenvolvemento gráfico:** Raúl de Andrés González e Jorge Gómez Tobar.

**Dirección técnica:** Ángel García Encinar.

**Coordinación técnica:** Fran Ameixeiras e Jesús Muela Ramiro.

**Confección e montaxe:** Adela Fuentes Ponte e Mercedes Barba Galbis.

**Asesoramento lingüístico:** Luz Cures Vázquez e Xoán L. Bendaña.

© 2014 by Santillana Educación, S. L. / Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2

15705 Santiago de Compostela

Printed in Spain

CP: 535359

A presente obra está protexida polas leis de dereitos de autor e a súa propiedade intelectual correspóndelle a Santillana / Obradoiro. Aos seus lexítimos usuarios só lles está permitido realizar fotocopias para o uso como material da aula. Queda prohibida calquera utilización fóra dos usos permitidos, especialmente aquela que teña fins comerciais.

# Presentación


A avaliación constitúe unha fase fundamental do proceso educativo:

- Infórmanos do grao de adquisición dos contidos e do desenvolvemento das competencias por parte do alumnado.
- É un instrumento fundamental para orientar o labor docente, pois, a raíz dos seus resultados, é posible elaborar plans específicos para que cada alumno desenvolva mellor as súas capacidades ou habilidades, reforzando e mellorando en determinados campos nuns casos, ou afondando e abrangendo novos contidos noutros.

## A avaliación na LOMCE

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) presenta importantes innovacións relacionadas co proceso de avaliación, a principal das cales é, sen dúbida, o establecemento de catro avaliacións externas, ao finalizar os cursos de 3.º e 6.º de Primaria, 4.º de Educación Secundaria Obrigatoria e 2.º de Bacharelato.

As probas de Primaria son avaliacións de diagnóstico que teñen como obxectivo comprobar a adquisición de destrezas e de competencias por parte dos alumnos, de modo que, se se detectase algunha carencia, se poidan establecer plans específicos de mellora. Con todo, as probas de 4.º de ESO e 2.º de Bacharelato teñen importantes efectos académicos: se non se superan, os alumnos non obterán os títulos de Graduado en ESO e de Bacharelato, respectivamente.



# Un completo sistema de avaliación

Os profesores utilizan procedementos de avaliación variados: observación na aula, revisión das actividades diarias dos alumnos, realización de traballos específicos, controis e probas de avaliación...

O proxecto **Saber Facer** ofrece un amplo conxunto de recursos para facilitar o labor do profesorado e responder ás súas necesidades, atendendo a todos os aspectos da avaliación:

- **Avaliacións externas: introdución e probas liberadas.** Análise das avaliacións externas de ámbito autonómico, nacional e internacional destinadas aos alumnos de Educación Primaria, e mostras das probas de anos anteriores que se encontran liberadas.
- **Avaliación de contidos.** Probas de control para cada unidade didáctica e probas de avaliación trimestrais e finais, para comprobar o nivel de adquisición dos principais conceptos e procedementos.
- **Avaliación por competencias.** Probas que avalían o grao de adquisición das competencias.
- **Rúbricas de avaliación.** Documento en que se proporcionan, para cada unidade didáctica, criterios para a observación e o rexistro do grao de avance dos alumnos, de acordo cos estándares de aprendizaxe.
- **Xerador de probas de avaliación.** Ferramenta informática que permite elaborar probas de avaliación personalizadas mediante a selección de actividades a través dun sistema de filtros.
- **Xestor de avaliación.** Aplicación informática que está conectada a un xestor de programación e que facilita levar un rexistro detallado das cualificacións dos alumnos.
- **Informes e estatísticas.** Ferramenta que permite elaborar informes de avaliación, así como gráficos comparativos a partir dos datos do xestor.

# As competencias na LOMCE

As competencias son un conxunto integrado de capacidades (coñecementos, estratexias, destrezas, habilidades, motivacións, actitudes...) que os alumnos han de poñer en xogo para dar resposta a problemas cotiáns, aínda que complexos, da vida ordinaria.

A nova lei de educación, baseándose no Marco de Referencia Europeo para as competencias clave na aprendizaxe permanente, definiu sete competencias que os alumnos deben ter adquiridas ao finalizar a súa traxectoria académica.

Estas competencias son as seguintes:

- **Comunicación lingüística.** É a habilidade para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral ou escrita (escoitar, falar, ler e escribir), e de interactuar lingüisticamente dunha maneira adecuada e creativa en todos os contextos.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.** Integra a habilidade de aplicar os conceptos matemáticos, co fin de resolver problemas en situacións cotiáns, xunto coa capacidade de aplicar o coñecemento e o método científico para explicar a natureza.
- **Competencia dixital.** Implica o uso seguro e crítico das tecnoloxías da información e da comunicación no traballo e no ocio.
- **Aprender a aprender.** Engloba as habilidades necesarias para aprender, organizar a propia aprendizaxe e xestionar o tempo e a información eficazmente, xa sexa de forma individual ou en grupo.
- **Competencia social e cívica.** Recolle os comportamentos que preparan as persoas para participar de maneira eficaz e construtiva na vida social, profesional e cívica, nunha sociedade cada vez máis diversificada e plural.
- **Sentido de iniciativa e emprendemento.** Refírese á habilidade de cada persoa para transformar as ideas en actos, poñendo en práctica a súa creatividade, á capacidade de innovación e de asunción de riscos, e ás aptitudes necesarias para a planificación e a xestión de proxectos.
- **Conciencia e expresión cultural.** Implica apreciar a importancia da expresión creativa de ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios (música, literatura, artes escénicas, artes plásticas...).

A incorporación das competencias ao currículo fai necesario integralas nas tarefas e nas actividades didácticas que se desenvolven no proceso de ensinanza-aprendizaxe e, polo tanto, teñen unha relación directa coa avaliación do alumnado. Isto require que os estándares de aprendizaxe avaliados fagan referencia non só aos contidos propios das distintas áreas, senón tamén á contribución desas áreas ao logro das competencias.

# Recursos para a avaliación por competencias

Entre os recursos para a avaliación que se inclúen no proxecto **Saber Facer**, propórzanse probas deseñadas para avaliar o desenvolvemento e a adquisición das competencias educativas por parte dos alumnos.

Estas probas de avaliación por competencias son complementarias ás que se propoñen para a avaliación de contidos. Tanto unhas coma outras avalían os procesos cognitivos e o progreso na aprendizaxe, aínda que as segundas están máis guiadas polo currículo das áreas e as primeiras, pola contribución de tales áreas ao logro das competencias educativas.

Para o primeiro curso de Educación Primaria, o noso proxecto editorial ofrece os seguintes recursos:

- **Probas de avaliación por competencias.** Ofrécense nove probas para ser utilizadas ao longo do curso, co fin de comprobar o grao de avance dos alumnos na adquisición das competencias.
- **Estándares de aprendizaxe.** Os estándares de aprendizaxe do perfil da competencia e os seus indicadores de logro póñense en relación coas actividades da proba.
- **Solucións.** Inclúense as respostas para todas as actividades propostas en cada proba.
- **Niveis.** Para cada proba propórzanse catro niveis de logro, co fin de axudar o profesorado a corrixir e valorar o traballo realizado polos alumnos.
- **Follas de rexistro.** Ofrécese unha folla de rexistro de puntuacións para cada unha das probas, na que se inclúen os criterios para a súa valoración cualitativa.

# Índice

## PROBAS DE AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS

<b>Proba 1</b> .....	8
<b>Proba 2</b> .....	14
<b>Proba 3</b> .....	22
<b>Proba 4</b> .....	26
<b>Proba 5</b> .....	32
<b>Proba 6</b> .....	38
<b>Proba 7</b> .....	44
<b>Proba 8</b> .....	52
<b>Proba 9</b> .....	60
<b>Estándares de aprendizaxe e indicadores de logro</b> .....	69




# Decoramos a clase

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_


Hai pouco que empezamos o curso e a clase aínda está moi baleira. Para decorala, necesitamos a túa colaboración. Imos facer unhas bonitas letras colgantes!



**1** Como se fan as letras colgantes? Observa e escribe 1, 2, 3 e 4 para ordenar estas instrucións.



**2** Antes de comezar hai que preparar os materiais. Rodea as cousas que vas necesitar.





- 3** Elixe 4 cores de papel de seda e fai 9 boliñas de cada cor para decorar os fios da letra.
- 4** Completa os carteis que pegarás dentro da letra. Para iso, busca no teu libro 6 palabras que empecen por cada unha destas letras e cópiaas.


t


d


f


r

- 5** Agora, sigue as instrucións da actividade 1 e constrúe unha letra colgante.










## Constrúo un boneco


Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

Con estas pezas imos construír un boneco articulado, que moverá os brazos e as pernas.


Necesitaremos, ademais, unhas tesoiras, un punzón, lapis de cores, seis encadernadores e la.




- 1** Recorta a cabeza e debuxa as partes da cara.  
Para que non che esqueza ningunha, escribe os nomes.




- 2** Recorta o resto das pezas e pica os círculos co punzón.  
Despois, debuxa un esquema do corpo humano que che axude a montar o teu boneco.



- 3** Usa os encadernadores para unir as distintas partes do boneco. En que articulacións os vas colocar? Escribe.



4 Como vas vestir o teu boneco? Rodea a roupa que vas debuxar sobre o corpo.



► Agora debuxa a roupa sobre o boneco e colorea.




5 Une os puntos iguais cunha liña recta.



► Utiliza as liñas que debuxaches para medir a la e corta tres anacos: dous curtos e un longo.



**6** Sigue as instrucións e une os anacos de la que cortaches por detrás do teu boneco.



► Agora tira da corda e escribe que partes do corpo move o teu boneco.

O meu boneco move


**7** Inventa un nome para o boneco e escribe como é.

O boneco chámase


O pelo é


e os ollos son


Leva postos




## Constrúo un boneco



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

Con estas pezas imos construír un boneco articulado, que moverá os brazos e as pernas.

Necesitaremos, ademais, unhas tesoiras, un punzón, lapis de cores, seis encadernadores e la.



- 1** Recorta a cabeza e debuxa as partes da cara.  
Para que non che esqueza ningunha, escribe os nomes.



- 2** Recorta o resto das pezas e pica os círculos co punzón.  
Despois, debuxa un esquema do corpo humano que che axude a montar o teu boneco.




- 3** Usa os encadernadores para unir as distintas partes do boneco. En que articulacións os vas colocar? Escribe.







4 Como vas vestir o teu boneco? Rodea a roupa que vas debuxar sobre o corpo.



► Agora debuxa a roupa sobre o boneco e colorea.

5 Une os puntos iguais cunha liña recta.



► Utiliza as liñas que debuxaches para medir a la e corta tres anacos: dous curtos e un longo.



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_



O día de Reis, Xoán encontrou estes regalos debaixo da ventá. Que haberá dentro da caixa?

- 1 Escribe o día e o mes en que Xoán recibiu os regalos.


- 2 Que pode haber na caixa? Le a carta que Xoán enviou aos Reis e débuxao con lapis de cores.


Queridos Reis Magos:

Este ano portei-me ben. Quero un monopatín, un coche teledirixido e un conto de superheroes.

Ah! E traédelle uns patíns a miña irmá. Axúdame moito cos deberes.

Moitos bicos,

Xoán



**3** Colorea as casas que corresponden a estes números. Despois, completa coas sílabas que hai nelas.

• unha unidade

• 1 decena e 3 unidades

•  $9 - 5 = \square$

• 1 decena e 7 unidades

•  $4 + 3 = \square$

• o número anterior a 10

•  $8 + 6 = \square$

• o número posterior a 18



0 LA	1 CO	2 UN	3 PA	4 CHE
5 CI	6 TO	7 TE	8 RRI	9 LE
10 TI	11 NE	12 SU	13 DI	14 RI
15 PER	16 TE	17 XI	18 E	19 DO

Na caixa hai

un

► É o que debuxaras?

**4** En que cuarto encontrou Xoán os regalos? Observa o plano da casa e completa.



Encontrounos no







# O almorzo do colexio

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

Xa sabes que para estar sans hai que tomar todos os tipos de alimentos. Proponémosche que planifiques un menú saudable e variado para o almorzo que tomarás no recreo a próxima semana.



**1** Rodea e escribe as sílabas que faltan para completar os nomes dos días da semana.

<div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 100%; display: flex; justify-content: space-between; align-items: center;"> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> </div>	
luz	cuns
luns	nuns

co	<div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 100%; display: flex; justify-content: space-between; align-items: center;"> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> </div>	
mes	ses	
ves	res	

sá	ba	<div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 100%; display: flex; justify-content: space-between; align-items: center;"> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> </div>	
to	bo		
do	lo		

mar	<div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 100%; display: flex; justify-content: space-between; align-items: center;"> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> </div>		
tes	xes		
ces	les		

ven	<div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 100%; display: flex; justify-content: space-between; align-items: center;"> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> </div>	
mes	hes	
ues	res	


mér	<div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 100%; display: flex; justify-content: space-between; align-items: center;"> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> </div>		res
to	do	co	
zo	go	so	

domin	<div style="border: 1px solid black; width: 100%; height: 100%; display: flex; justify-content: space-between; align-items: center;"> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> <div style="width: 40%; height: 20px; border-bottom: 1px solid black;"></div> </div>		
do	ho		
go	fo		


► Colorea os días que tes que ir ao colexio e escríbeos por orde.

--

**2** Que alimentos son máis adecuados para tomar á hora do recreo? Rodea.



**3** Completa con nomes de alimentos da actividade 2.



**4** Elabora o menú da semana para o almorzo do colexio. Faino así:

- Nas casas de arriba, escribe os días da semana que vas ao colexio.
- Nas casas de abaixo, escribe e debuxa o que vas tomar cada día. Lembra: non vale repetir!

Luns				

**5** Pensas que o teu menú é saudable? Por que?




**6** Cal é o teu almorzo favorito? Debúxao.



**2** Que alimentos son máis adecuados para tomar á hora do recreo? Rodea.



**3** Completa con nomes de alimentos da actividade 2.






# Imos ao cine

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

Alba ten 7 anos e gústalle moito ir ao cine. A súa mamá prometeulle que o xoves os levará a ela e a seu irmán Alberte a ver unha película.



**1** Marca a película que poden ver Alba e o irmán.



Película para maiores de 12 anos.



Película para todos os públicos.

**2** Ordena os números de maior a menor e descubre como se chama a película.


54	67	14	3	45	23
bo	Rum	tre	las	ás	es






**6** Onde senta cada un? Le e colorea.

- Esta é a entrada de Alba. Colorea o seu asento de azul.




- A nai sentou xusto detrás de Alba. Colorea o seu asento de verde e completa.

Fila  Asento

- Alberte senta á dereita de Alba. Colorea o seu asento de vermello e completa.

Fila  Asento




Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

Alba ten 7 anos e gústalle moito ir ao cine. A súa mamá prometeulle que o xoves os levará a ela e a seu irmán Alberte a ver unha película.



**1** Marca a película que poden ver Alba e o irmán.



Película para maiores de 12 anos.



Película para todos os públicos.


**2** Ordena os números de maior a menor e descubre como se chama a película.

54	67	14	3	45	23
bo	Rum	tre	las	ás	es




**6** Onde senta cada un? Le e colorea.

- Esta é a entrada de Alba. Colorea o seu asento de azul.




- A nai sentou xusto detrás de Alba. Colorea o seu asento de verde e completa.

Fila  Asento

- Alberte senta á dereita de Alba. Colorea o seu asento de vermello e completa.

Fila  Asento



# Resolvo un enigma

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

Es un bo detective? Ponte a proba e descubre as pistas que che axudarán a saber quen é Carlos.



**1** Ordena as palabras e descubre a primeira pista.

camiseta

raias.

de

A

é

Pista 1 ►


**2** Para saber que número leva Carlos no pantalón, resolve as restas e despois suma os resultados.

$$\begin{array}{r} 11 \\ - 4 \\ \hline \square \end{array}$$


$$\begin{array}{r} 13 \\ - 6 \\ \hline \square \end{array}$$

$$\begin{array}{r} 14 \\ - 9 \\ \hline \square \end{array}$$

$$\square + \square + \square = \square$$

Pista 2 ► O pantalón ten o número .

**3** Copia o texto cambiando as palabras subliñadas por outras que signifiquen o contrario e obterás a terceira pista.



Carlos é un neno baixo e delgado. Ten o pelo louro e liso. Sempre está triste.

Pista 3 ►

**4** Risca os números que teñen 6 unidades e escribe a cuarta pista.

68	66	26	69	16
En	Es	las	cán	pi

62	56	64	63	68
ta	co	lle	coi	dar

6	61	8	76	60
blan	as	plan	da.	tas.

Pista 4 ►


**5** Agora le todas as pistas, pensa quen é Carlos e rodéao.

**6** Que pista che custou máis traballo descubrir?  
Por que?











Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_


Nunha biblioteca hai moitos libros. Se che gusta algún, podes pedilo prestado para levalo para a casa uns días. Sabes como facelo?



**1** Antes de pedir prestado un libro da biblioteca debes sacar o carné. Cubre estes datos e debúxate.

	Colexio:	<input type="text"/>
	Curso:	<input type="text"/>
Nome:	<input type="text"/>	
Apelidos:	<input type="text"/>	

**2** Este é o libro que vas levar. Cubre a ficha co teu nome e cos datos do libro.



TÍTULO:
AUTOR:
EDITORIAL:
NOME:
DATA DO PRÉSTAMO: 13 de abril

**3** Quen é don Gato? Le e rodéao.

Don Gato ten o pelo gris e uns longos bigotes. O que máis lle gusta é durmir, por iso sempre vai vestido cun bonito pixama de raias e o gorriño de algodón que lle regalou a súa mamá.

Tanto ten que sexa verán, outono ou inverno. Se non leva o seu gorro, pensa que os soños se encherán de pesadelos.



**4** Imaxina de que tratará o libro e contesta.

● Quen é o protagonista?


● Que lle ocorreu?


● Por que lle ocorreu?


● Como termina o conto?

**5** Observa a ficha da actividade 2 e rodea no calendario o día que levaches o libro.




### ABRIL

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
$\frac{23}{30}$	24	25	26	27	28	29

► Se tes 12 días para lelo, cando terás que devolve-lo? Rodéao no calendario.

**6** Observa e escribe que lugar debe ocupar o libro de don Gato na biblioteca.


Se non lembrás que número ten, consúltao no debuxo da actividade 2.



Estante ► letra


Balda ► número

**7** Agora axuda a bibliotecaria a colocar estes libros.




Estante: \_\_\_\_\_

Balda: \_\_\_\_\_




Estante: \_\_\_\_\_

Balda: \_\_\_\_\_




Estante: \_\_\_\_\_

Balda: \_\_\_\_\_




Estante: \_\_\_\_\_

Balda: \_\_\_\_\_



Estante: \_\_\_\_\_

Balda: \_\_\_\_\_



Estante: \_\_\_\_\_

Balda: \_\_\_\_\_

**8** Contesta.

• Que libros che gustan máis?


• Gústache ler? Por que?









**5** Observa a ficha da actividade 2 e rodea no calendario o día que levaches o libro.




### ABRIL

L	M	M	X	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
$\frac{23}{30}$	24	25	26	27	28	29

► Se tes 12 días para lelo, cando terás que devolve-lo? Rodéao no calendario.

**6** Observa e escribe que lugar debe ocupar o libro de don Gato na biblioteca.

Se non lembrás que número ten, consúltao no debuxo da actividade 2.



Estante ► letra 


Balda ► número 




# Unha excursión á granxa

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

Antes de que acabe o curso, os nenos de primeiro van ir de excursión a unha granxa escola. O profesor colgou esta información na aula e pediulles que preparen unha nota informativa para os pais, cos datos máis importantes.

**GRANXA ESCOLA  
TÍA MILA**

---

Vía do Merendeiro  
Teléfono: 333 78 49 30

**Horario:**  
De luns a mércores,  
de 10 a 5.

**Prezos:**  
Adultos: 15 €  
Nenos: 8 €


Autobuses Sobrerrodas

O prezo do billete de ida e volta de Aldea Gris á granxa escola Tía Mila é 12 euros.

**1 Cantos quilómetros hai da aldea á granxa escola?  
Busca os datos no mapa e calcula.**




Quilómetros desde a aldea  
ata a ponte ►

Quilómetros desde a ponte  
ata a granxa ►



Hai  quilómetros  
en total.

**2** Canto che custa a excursión? Escribe os prezos e calcula.



A excursión custa

**3** Rodea os días que está aberta a granxa. Despois, le o que di o profesor e colorea de amarelo o día da excursión.

**MAIO**

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

O día da excursión ten 2 decenas e 3 unidades.



A excursión será o día

de

**4 Resolve.**


- O autobús tarda 30 minutos en chegar desde a granxa ao merendeiro e 14 minutos desde o merendeiro ata Aldea Gris. Canto tempo tarda o autobús en chegar desde a granxa ata a aldea?

Operación ►  ○

Solución ► O autobús tarda  minutos.

- Se polo camiño facemos unha parada de 15 minutos para merendar. Canto tempo tardaremos en chegar?

Operación ►



Solución ►

**5 Que actividades se poden realizar nunha granxa escola? Escribe algúns exemplos.**



**6 Rodea as cousas que levarías á excursión.**



**7** Agora, completa a nota informativa para os teus pais.

Papá, mamá:

Os nenos de primeiro iremos de excursión

o día

se chama

Está na estrada

a

O autobús recolleranos ás 9 no colexio.

Da granxa, sairemos ás 5. Como pararemos

a merendar polo camiño, tardaremos

minutos en regresar ao colexio.

A excursión custa

Se queredes máis información, podedes chamar

ao teléfono da granxa, que é o

# Unha excursión á granxa

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

Antes de que acabe o curso, os nenos de primeiro van ir de excursión a unha granxa escola. O profesor colgou esta información na aula e pediulles que preparen unha nota informativa para os seus pais, cos datos máis importantes.

**GRANXA ESCOLA  
TÍA MILA**

---

Vía do Merendeiro  
Teléfono: 333 78 49 30

**Horario:**  
De luns a mércores,  
de 10 a 5.

**Prezos:**  
Adultos: 15 €  
Nenos: 8 €


Autobuses Sobrerrodas

O prezo do billete de ida e volta de Aldea Gris á granxa escola Tía Mía é 12 euros.

**1 Cantos quilómetros hai da aldea á granxa escola?  
Busca os datos no mapa e calcula.**

Quilómetros desde a aldea  
ata a ponte ►




Quilómetros desde a ponte  
ata a granxa ►




Hai  quilómetros  
en total.



**2** Canto che custa a excursión? Escribe os prezos e calcula.



A excursión custa



**3** Rodea os días que está aberta a granxa. Despois, le o que di o profesor e colorea de amarelo o día da excursión.


**MAIO**

L	M	M	X	V	S	D
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30	31			

O día da excursión ten 2 decenas e 3 unidades.



A excursión será o día







# Organizo unha festa


Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_


O 26 de xuño, Einés fai 7 anos. Ese día quere facer unha festa na súa casa para celebralo cos seus amigos. Poderías axudala a preparar o seu aniversario?





**1 Le e escribe o nome de cada neno xunto á súa fotografía para facer a lista de invitados. Inclúe o teu nome e débúxate.**

LISTA DE INVITADOS









**Alberte** é veciño de Einés e compañeiro do equipo de fútbol do barrio.

**Laura** é a mellor amiga de Einés. Case sempre van peiteadas iguais. E é que ás dúas lles encantan as trenzas.

**María** ten 9 anos. É a irmá máis vella de Laura e ten tantas pencas coma o seu pai.

**Martiño** é un neno alegre e cariñoso. A mestra sentouno ao lado de Einés para que o axude, porque Martiño non aprende tan rápido coma os demais.

**2 Lembra que hai que preparar as invitacións.**

**Que datos debes poñer? Marca.**

- O día e a hora da festa.
- O regalo que deben traer os invitados.
- O nome do colexio de Einés.
- O enderezo da casa de Einés.


**3 Sigue as indicacións, colorea no plano a casa de Einés e escribe o seu enderezo.**

Desde o parque, sigue recto pola Alameda. Cando chegues ao final, xira á dereita. Despois, colle a primeira rúa á esquerda e xusto ao lado da biblioteca está a miña casa.



Einés vive na rúa , número .

**4** A festa de Einés vai durar dúas horas. A que hora acabará?  
 Observa e completa.



**5** Agora xa podes escribir a invitación cos datos que coñeces e decorala ao teu gusto.

# FESTA DE ANIVERSARIO!



**6** Einés quiere decorar a casa para a festa. Como pode facelo?  
 Escribe algunhas ideas.

**7** Elixe tres alimentos desta tenda para a merenda e completa a táboa.




ALIMENTOS	PREZOS



► Calcula canto diñeiro hai que pagar en total.

En total hai que pagar



► Debuxa os billetes e as moedas que se necesitan para pagar a compra.

# Organizo unha festa





Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

O 26 de xuño, Einés fai 7 anos. Ese día quere facer unha festa na súa casa para celebralo cos seus amigos. Poderías axudala a preparar o seu aniversario?



**1 Le e escribe o nome de cada neno xunto á súa fotografía para facer a lista de invitados. Inclúe o teu nome e débúxate.**

LISTA DE INVITADOS

	
	
	
	
<div style="border: 1px solid black; width: 150px; height: 80px; margin: 0 auto;"></div>	

**Alberte** é veciño de Einés e compañeiro do equipo de fútbol do barrio.

**Laura** é a mellor amiga de Einés. Case sempre van peiteadas iguais. E é que ás dúas lles encantan as trenzas.

**María** ten 9 anos. É a irmá máis vella de Laura e ten tantas pencas coma o seu pai.

**Martiño** é un neno alegre e cariñoso. A mestra sentouno ao lado de Einés para que o axude, porque Martiño non aprende tan rápido coma os demais.



**2 Lembra que hai que preparar as invitacións. Que datos debes poñer? Marca.**

- O día e a hora da festa.
- O regalo que deben traer os invitados.
- O nome do colexio de Einés.
- O enderezo da casa de Einés.

**3 Sigue as indicacións, colorea no plano a casa de Einés e escribe o seu enderezo.**

Desde o parque, sigue recto pola Alameda. Cando chegues ao final, xira á dereita. Despois, colle a primeira rúa á esquerda e xusto ao lado da biblioteca está a miña casa.



Einés vive na rúa 


, número .









Estándares  
de aprendizaxe  
e indicadores de logro

COMPETENCIAS QUE SE AVALÍAN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (PERFIL DA COMPETENCIA)*	INDICADORES DE LOGRO**	Actividades
<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>	Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal.	Presta atención á súa escritura e móstrase interesado por aspectos estéticos e de corrección.	4
<b>COMPETENCIA MATEMÁTICA</b>	Utiliza os números en contextos reais.	Identifica o lugar dun elemento nun conxunto dado.	1
	Interpreta números en textos numéricos e da vida cotiá.	Recoñece e interpreta números en diferentes contornos (enunciados de problemas, textos, rótulos, táboas...).	3
<b>COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA</b>	Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	Mostra interese por realizar os seus traballos diarios e presentalos de forma ordenada, clara e limpa.	5
<b>COMPETENCIA APRENDER A APRENDER</b>	Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes.	Recoñece os materiais necesarios para realizar un traballo.	2

